

## INFORME DO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS DE A CORUÑA

**Asunto: Informe sobre o proxecto Parque Eólico MONTEAGUDO (modificación substancial)**

**A súa referencia: IN661A 03/03**

### Antecedentes

O 01.06.2022 (Núm. Rex. 2022/1168498) o Servizo de Enerxía e Minas da Coruña da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda da Consellería de Economía, Empresa e Innovación, solicita á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural informe sobre proxecto Parque Eólico Monteagudo (modificación substancial), nos concellos de Arteixo, A Laracha e Carballo, na provincia da Coruña ,aportando Estudo de impacto ambiental e Proxecto Sectorial en aplicación do disposto no apartado 12 do artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

### Consideracións

Consonte coa Lei 4/2015 de mellora da estrutura territorial Agraria de Galicia e o Decreto 149/2018 de estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, este servizo, dentro das competencias encomendadas, informa que unha vez estudada a documentación do proxecto presentado, este non afecta a ningunha zona de concentración ou reestruturación parcelaria decretada aberta nin rematada da provincia da Coruña polo que non procede indicar consideracións a ter en conta no desenvolvemento do proxecto do Parque eólico Monteagudo (modificación substancial), na provincia da Coruña.

A Coruña, na data da súa sinatura dixital

O Xefe Territorial

José Manuel Santos Maneiro

Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural  
Servizo de Infraestruturas Agrarias  
Edificio Administrativo Monelos  
Vicente Ferrer, 2, 6º andar  
15071 A Coruña  
T. +34 981 185 925  
[infraestructurasagrarias.mr@xunta.gal](mailto:infraestructurasagrarias.mr@xunta.gal)  
[mediorural.xunta.gal](http://mediorural.xunta.gal)

